

## EXPLORANDO AS REDES SOCIAIS COMO FONTE DE INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES DIXITAIS

PATRICIA MARTÍN RODILLA

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC)

As redes sociais constitúen no presente un reflexo dos procesos culturais e sociais e das conexións e reminiscencias pasadas dos mesmos. O contido xerado en redes sociais considérase, por tanto, un “arquivo social” (Ruiz Gómez and Vallès 2020), e as estratexias desenvolvidas permítennos “arquivar as redes sociais” (Vallès 2020), creando coleccións de referencia para o estudo de diversas temáticas (Pybus, 2013; Acker and Brubaker, 2014; Pybus, 2015) nun diálogo pasado-presente.

Nesta charla adoptaremos as redes sociais como unha fonte máis para a investigación en Humanidades Dixitais. Exploraremos as estratexias para a súa recuperación, tratamento e interpretación, con exemplos recentes en contextos de racismo (Otero e Martín-Rodilla 2021) ou enfermidade mental (Parapar, Martín-Rodilla, Losada e Crestani 2021), e abordaremos os retos metodolóxicos para o tratamento desta información en preguntas de investigación expostas desde as Humanidades Dixitais.

### BIONOTA

Patricia Martín-Rodilla é científica titular no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC) e responsable neste centro da liña de Humanidades Dixitais. É ademais investigadora e supervisora na rede MSCA-DN HYBRIDS (<https://hybridsproject.eu/>), onde se atopa particularmente centrada na formación de novos perfís transdisciplinares en Humanidades Dixitais.

Previamente foi profesora e investigadora do Laboratorio de Recuperación de Información da Universidade da Coruña, investigadora posdoutoral no proxecto europeo ARIADNE (Programa FP7) e investigadora Juan de la Cierva (CITIUS - USC), con estadías en Australia, Francia, Portugal e Chile.

Participou en multitude de proxectos rexionais, nacionais e europeos como ARIADNE FP7, SEADDA COST Action, Big-eRisk (Early Prediction for Personal Risks on Massive Data) e ACME (Heritage 3.0: Argumentation and Conceptual Modelling for Enhanced Cultural Heritage Participation and Management Policies), entre outros.